



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº1/18 4 de xaneiro de 2018

☐ **4ª COPA INICIACION RECALVI 2018:**

- **Ausencia de cuota de inscrición na Copa**, e do custe de adquisición de pegatinas en caso de accidente ou outras circunstancias durante toda a tempada de 2018.
- As publicidades ocuparán os mesmos lugares da tempada anterior, cos seguintes cambios:
 - Manteranse as franxas dianteiras e traseiras como o ano anterior.
 - As pegatinas de Galuppo deixarán a defensa dianteira e pasarán os laterais da defensa traseira (dúas)
 - As pegatinas de PTC seguirán no emplazamento do ano anterior (dúas) na defensa dianteira.
 - Colocación a maiores una pegatina de Celanova Motor na defensa traseira, da xa obligatoria dianteira dos anos anteriores. (mesmo tamaño e forma)
 - As pegatinas do organizador da copa manteranse en lugar de colocación (defensa dianteira e portón traseiro) incluíndo un logo de 15cm cadrados nas esquinas esquerdas de ditas pegatinas
 - As aletas traseiras (costados) seguirán ocupadas no mesmo espacio para os patrocinadores da copa coas mesmas medidas do ano anterior.
 - Levarase unha pegatina pequena de 9 x 4 cm nos retrovisores exteriores a ambos lados
 - Debaixo do dorsal engadirase a pegatina de Recalvi e Pirelli como no resto das copas de promoción da FGA.
 - As medidas e colocación das pegatinas serán publicadas en comunicado ao efecto.
- Cambiarase a marca de pastillas de freo volviendo as Ferodo DS2500 de anos anteriores e tersanse que mercar en Perfect Cars.
- **TODOS** os vehículos que queiran participar na 4ª Copa Iniciación Reclavi, e se inscriban debidamente na web (www.fga.es), deberán pasar obrigatoriamente unha revisión nas instalacións de PerfectCars, en Ourense, a fin de crear unha folla individual de cada coche, e substituír os precintos de anos anteriores, revisando os elementos obrigatorios do kit, tanto do seu estado como que estea todo correcto, así como as pezas de intercambio marcadas o primeiro ano da copa de obrigatoria compra os organizadores durante estes anos a fin de preservar a igualdade das mecánicas.

A fin de facilitar a todos os participantes dita revisión, marcarase un fin de semana no que o vehículo quedará nas instalacións, facendo unha comida/charla sobre a copa con todos os equipos na recollida dos mesmos.

Pregase os equipos interesados en participar na 4ª Copa Iniciación RECALVI, que fagan canto antes chegar a súa inscrición a FGA a fin de porse en contacto con eles para dita revisión e parlamento.

NINGÚN VEHÍCULO PODERÁ PARTICIPAR NA COPA SEN SER VERIFICADO PREVIAMENTE NAS INSTALACIONES, POLO QUE SE PREGA PORSE EN CONTACTO CON "PERFECT CARS" A MAIOR BREVIDADE POSIBLE DESDE QUE SE TEÑA INTENCIÓN DE PARTICIPAR.

O SER GRATUITA A INSCRICIÓN DA COPA E A VERIFICACIÓN (SALVO QUE TEÑA OS PRECINTOS ROTOS) OS INTERESADOS E POSUIDORES DAS UNIDADES DE SEAT MARBELLA VÁLIDOS PARA A COPA DEBERANSE PRESENTAR A DITA VERIFICACIÓN E A COMIDA POSTERIOR

No caso de presentar algún precinto roto ou en mal estado, dito elemento terá que ser revisado nas instalacións de Perfect Cars a fin de verificar que todos estean regra.

Poranse de novo todos os precintos (substitución) e darase unha folla de seguimento a cada vehículo a fin de marcar as posibles anomalías a subsanar antes da primeira proba e axilizar así as verificacións dos mesmos por parte do Comisario nomeado por "Perfect Cars".

Os elementos que os vehículos teñen que ter marcados son os seguintes:

 - Palieres (Logo de RMO Parts)
 - Discos de freo (Grabado Logo)
 - Motor e Caixa (Precintados)
 - Latiguillos de freo (Subministrados no kit)
 - Cubre Carter (Subministrado no kit)
 - Suspensión (Subministrada no kit ou ben factura de compra posterior)
 - En caso de ter parrilla de faros e cuneteros traelos co vehículo.
- Para a inscrición na primeira proba, a maiores da folla entregada nestas verificacións, solicitarase a todos os equipos a factura ou xustificante de compra dos 5 pneumáticos e das pastillas de freo, así como os materiais que foran indicados nas verificacións previas que estean fora do regulamento.
- Farase entrega a todos os equipos inscritos na copa de dúas camisetas e dúas gorras de Pirelli, que serán de uso obrigado nos eventos que así estime convinte Perfect Cars, e nas entregas de premios
- Comprobarase o estado interior e exterior de todos os vehículos a fin de preservar a imaxe da Copa e presentar os coches en condicións óptimas. Facendo un informe desfavorable en caso de non ser así por parte do Comisario da Copa, designado por Perfect Cars. Así meso, terase en conta o uso de defensas ou elementos non iguais os proporcionados na entrega do vehículo, e que fagan estéticamente distinto

- o vehículo, chegando incluso a refusar a participación.
- Nas verificacións previas, todos os vehículos serán pesados, tendo que cumprir o regulamento e informando a cada equipo do seu caso en particular, controlando polo Comisario da Copa o cumprimento deste feito e podendo pesar calquera dos vehículos da Copa, antes, durante, e despois de cada proba puntuable celebrada.
- “Perfect Cars”, nomeará a un Comisario que terá única e exclusivamente o traballo de controlar e velar pola regulamentación da Copa, incidentes, e calquera anomalía ou posibles problemas dos participantes en cada unha das probas puntuables.
Dito Comisario, sempre ben identificado, e gardando as maiores medidas de seguridade para os participantes e público, verificará todos os coches nas medidas que considere oportunas en TODAS as probas, podendo facer controis aleatorios nas metas dos treitos, parques de asistencia, ou pesaxes dos vehículos, revisión de pneumáticos etc. na meta dos mesmos.
Facer caso omiso as indicacións do Comisario da Copa, pode incurrir nunha exclusión da Copa nesa proba, previo informe e traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.de A.
O teléfono de contacto para calquer dúbida ou aclaración é o 988101044 para solventar todas as dúbidas que poidan xurdir respecto da 4ª Edición da Copa Iniciación Recalvi.
Prégase unha vez mais os equipos interesados en inscribirse, canto antes, para comezar as verificacións dos vehículos e, ordenamento da publicidade, etc, etc.
- As novas pastillas de freo, 2018, son da marca Ferodo DS2500, que terán que mercarse obrigatoriamente en “Perfect Cars”(988-101044) a preso tasado de 79€+I.V.E.. As mesmas serán marcadas debidamente e serán as únicas autorizadas para participar en 2018.
- Tódolos recambios a utilizar na copa 2018 (palieres, discos de freo, pastillas Ferodo, suspensións, latigüillos, etc., etc.). Teñen que ser mercadas en “Perfect Cars”, para velar pola igualdade das prestacións, indo marcados tódolos recambios.
- Os recambios marcados e vendidos en tempadas pasadas por “Marvic Sport”, ou “RMO Parts”, son válidas igualmente para a tempada 2018, agás as pastillas de freo (Ferodo DS2500).

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN